



### **Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TÉCNICO DE XARDÍN DE INFANCIA DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN.

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000033

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO.** Emitiuse providencia do concelleiro delegado para coñecer as prazas que poden publicarse na Oferta de Emprego Público para a estabilización.

**SEGUNDO.** Consta a listaxe do persoal coa súa antigüidade.

**TERCEIRO.** O 10.03.2022 celebrouse a mesa xeral de negociación de funcionarios e persoal laboral do concello onde se indicaron un par de suxestións ao informe proposta para a OPE, de data 22.02.2022.

**CUARTO.** O 13.05.2022 a mesa xeral de negociación informou favorablemente a proposta de acordo á OPE.

**QUINTO.** Por Decreto de alcaldía de data 13/05/2022 resolveuse aprobar a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal.

**SEXTO.** O anuncio foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 94, do 19.05.2022.

**OITAVO.** No expediente constan a proposta de bases xerais corrixidas coas apreciacións dos representantes dos traballadores e as bases específicas de cada posto de traballo a convocar.

**NOVENO.** Por Resolución de Alcaldía núm. 1998/2022 de data 22/11/2022, con correccións de erros núm. 2046/2022 de data 25/11/2022 e núm. 2127/2022 de 12/12/2022, aprobáronse as bases e a convocatoria excepcional, mediante sistema de concurso, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal para o Concello de Betanzos e abriuse o prazo de presentación de solicitudes.

**DÉCIMO.** Na sede electrónica e no Boletín oficial da provincia da Coruña número 238, do 19 de decembro de 2022, publicáronse integramente as bases que han de rexer a convocatoria. O 28.12.2022 este anuncio foi publicado no BOE nº 311.

**UNDÉCIMO.** O anuncio coa listaxe provisional de admitidos e excluídos foi publicado no BOP nº 29 do 10.02.2023 e no taboleiro de anuncios do Concello o 06.02.2023.

**DÉCIMO SEGUNDO.** Non constan alegacións.

**DÉCIMO TERCEIRO.** A listaxe definitiva de admitidos e excluídos foi aprobada por resolución de presidencia e publicada no BOP de data 31.03.2023 e no taboleiro de anuncios do Concello do 02.03.2023.

**DÉCIMO CUARTO.** O anuncio de valoración do proceso de estabilización de Técnico de Xardín de Infancia foi publicado na sede electrónica o día 10/05/2023 e no BOP o 18/05/2023.

**DÉCIMO QUINTO.** Constan alegacións á valoración provisional, que foron resoltas na valoración definitiva, publicada na sede electrónica do Concello o 07/07/2023

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; Lei 3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia; Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos seus arts. 231 e seguintes; Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, nos seus arts. 21.1.g), 91, 103 e 104; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública; Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, nos seus arts. 177 e seguintes; Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, na súa Disposición Adicional Segunda; Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, prorrogados para o ano 2020, no seu art. 19.dous; Convenio Colectivo para o persoal laboral do Concello de Betanzos, (publicado no BOP nº. 66, do 06.04.2017).

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** Vistas as actas do tribunal de valoración da fase de concurso e os respectivos anuncios publicados na páxina web e na sede electrónica do Concello de Betanzos coa relación provisoria de candidatos aprobados e a inexistencia de alegacións.

**SEGUNDO.** Vista a acreditación por parte de todos os candidatos aprobados do coñecemento de galego segundo o esixido nas bases da convocatoria.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Prestar aprobación á lista definitiva coa orde e cos integrantes da bolsa de emprego para postos de técnico de xardín de infancia do proceso de estabilización:

NIF	APELIDOS E NOME
***3757**	SERÉN SERÉN, ISABEL
***3680**	VARELA NÚÑEZ, ANA MARÍA
***9974**	FERNÁNDEZ MIRÁS, CRISTINA

**SEGUNDO.-** A vixencia da citada bolsa será de tres anos a contar dende o día de nomeamento do primeiro aspirante.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**CUARTO.** Publicar a lista definitiva da bolsa de técnico de xardín de infancia do proceso de estabilización na sede electrónica deste Concello.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

O secretario acctal.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

María Barral Varela

Daniel Pereiro Cachaza